



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMARIÑAS E O
"ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS" PARA O
FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES.

En Camariñas, a 02 de decembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Camariñas, Dona Sandra Insua Rial, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dona Pilar Gándara Méndez, con DNI 76349789R ostenta a presidencia e actúa en representación do ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS, CON CIF G7048785S, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

Vista a situación excepcional que estamos atravesando como consecuencia do Covid-19, se fai máis necesario a concesión de determinadas axudas a determinados colectivos, que non van a poder acollerse ó resto de subvencións outorgadas polo Concello.

Vista a importancia que ten o Encaixe para o Concello de Camariñas, sendo unha gran labor de promoción as que realizan as Asociacións de Palilleiras, que contribúen a difusión do nome do Concello de Camariñas.

Tendo en conta, que coa situación marcada polo Covid-19, as Asociacións de Palilleiras non puideron realizar ningún tipo de encontros e polo tanto non teñen



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

practicamente ningún tipo de ingresos para sufragar os gastos correntes de mantemento dos seus locais e demais gastos necesarios para poder continuar coa súa actividade.

Visto que o Concello de Camariñas quere colaborar con ditas asociacións para que poidan continuar coa súa labor, e visto que atendendo a Lei Xeral de Subvencións é necesaria a formalización dun convenio de colaboración.

Que sendo o obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS está interesado en recibir unha achega por parte do Concello de Camariñas co obxecto de poder sufragar parte dos gastos correntes necesarios para o mantemento dos seus locais

SEGUNDA.- Que o Concello de Camariñas está interesado en colaborar co financiamento de ditos gastos correntes, todo elo dentro da competencia xenérica do Iltmo. Concello de Camariñas para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Que trala modificación das Bases de execución do Orzamento para o ano 2019 prorrogadas para o ano 2020, aprobada polo Pleno do Concello de Camariñas con data 25 de setembro do 2020, ven consignado a existencia dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS, por importe de 1.500,00 € a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- Tal e como consta na consideración anterior, o Concello contribuirá ao financiamento dos gastos correntes necesarios para o mantemento da actividades (gastos de arrendamentos, subministros,...), cunha achega máxima de 1.500,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%, debendo o gasto xustificado acadar como mínimo dita cantidade.

O importe da subvención municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 439.48000

Os gastos subvencionables son aqueles que se vinculan directamente có mantemento dos locais (arrendamentos e cánones, luz, auga,.....) e sempre referidos ó exercicio 2020.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A subvención do concello é compatible con outras axudas, públicas ou privadas, que a asociación obteña para a mesma finalidade , sempre que o seu importe, xuntamente co importe da axuda concedida polo concello non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega do concello no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao parágrafo anterior.

SEXTA.- PUBLICIDADE

Debe darse a debida publicidade da colaboración do Concello de Camariñas a través de anuncio no taboleiro da asociación, redes sociais,....ou calquera outro medio de difusión.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

O importe da subvención farase efectivo unha vez que a entidade presente a seguinte documentación:

- Relación de gastos no que se indique acredor, NIF, data de factura e importe.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- Copia compulsada ou orixinais das facturas xustificativas dos gastos.
- No caso de facturas de importe superiores a 2.500,00€ documento xustificativo do pagamento. No resto das facturas deberá figurar na factura coma pagada, ou xustificante da transferencia.
- Declaración que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención. (ANEXO I)
- Certificado ou declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias ou doutra índole có Concello de Camariñas. (ANEXO I)
- Certificado ou declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social. (ANEXO I)
- Declaración que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificativo supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas. (ANEXO I)
- Declaración de atoparse ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións. (ANEXO I)
- Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria. (ANEXO I)

Unha vez presentados os documentos e previa fiscalización da Intervención, ditarase pola Alcaldía decreto aprobando a xustificación presentada e ordenando o abono da cantidade correspondente, se procede. A cantidade ingresarase na conta especificada pola entidade solicitante.

OITAVA.- As facturas que son obxecto de financiamento realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 14 de decembro de 2020.

Unha vez asinado este convenio, a entidade deberá presentar a documentación xustificativa á que fai referencia a consideración sétima antes do 14 de decembro.

A falta de xustificación neste prazo dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

NOVENA.- A entidade destinará os fondos recibidos ao pagamento de xustificantes de gasto presentados.

Toda alteración das condicións recollidas neste convenio, e en todo caso a obtención concorrente doutras subvencións, deberá ser comunicada con carácter inmediato ao concello podendo supor a modificación do convenio.

DÉCIMA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Camariñas.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Camariñas para o ano 2019, prorrogadas para o ano 2020.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

UNDÉCIMA.- A ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS (G7048785S) queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DUODÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA DO CONCELLO

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Asdo: Sandra Insua Rial

Asdo: Pilar Gándar Mendez.

ANEXO I

Entidade		CIF	
Representante		NIF	
Domicilio fiscal		Municipio	
Provincia	Código Postal	Teléfono	Correo electrónico

DECLARO BAIXO MIÑA RESPONSABILIDADE QUE A ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS PUNTILLAS DE CAMARIÑAS A QUE REPRESENTO:

- NON se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención. (ANEXO I)
- ESTÁ ao corrente das súas obrigas tributarias ou doutra índole có Concello de Camariñas.
- ESTÁ ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social
- NON ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- TEN solicitada/ concedida outra axuda para a mesma finalidade, por importe de coa entidade.....
- ESTÁ ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
- O custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.

En Camariñas.

ASDO: